

COMUNICADO DE PRENSA O CARBALLIÑO 02/05/17

O CONCELLEIRO DE CULTURA, DIEGO FERNÁNDEZ NOGUEIRA, PERDE A ENÉSIMA SUBVENCIÓN PARA A BIBLIOTECA, AGORA PARA LIBROS EN GALEGO.

ESTA É A MOSTRA DE INTERES REAL QUE TEN ESTE CONCELLEIRO POLA EDUCACIÓN E A BIBLIOTECA DO NOSO POBO. A SUBVENCIÓN NESTE CASO PODERÍA ASCENDER A UNS 2.000€

FORON ADXUDICATARIOS DE SUBVENCIÓN 111 CONCELLOS PARA 135 BIBLIOTECAS E O CARBALLIÑO NON A SOLICITOU.

ESTE CONCELLEIRO ACUMULA UNHA FALTA DE RECURSOS ECONOMICOS NUN ANO ENTORNO AOS 10.000€ PARA A BIBLIOTECA.

O GRUPO POPULAR SOLICITA MOVEMENTO POR PARTE DO ALCALDE RETIRANDO COMPETENCIAS OU RETIRANDO ADICACIÓN POLA QUE COBRA, SENÓN O PLENO TERA QUE DECIDIR SOBRE ELO.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria puxo a disposición dos Concellos de Galicia unha subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura pública de titularidade municipal, integradas na rede de bibliotecas de Galicia.

Sae publicado no DOG do 10 de abril de 2017, a relación de Concellos beneficiados desta subvención e que son un total de 111 concellos para 135 bibliotecas, no que se repartiron 200.000€.

Unha vez mais, O concello do Carballiño non está entre os beneficiados, simplemente por non telo solicitado e a subvención podería ser duns 2.000,00€ atendendo ao concedido a outros Concellos da categoría do noso. Concellos, polo que se ve que contan con Concelleiro/a adecuado, asunto que no Carballiño evidenciase unha vez mais que non é así.

- Perda de subvención para novidades de coleccións en Galego.
- Perda de subvención para compra de libros.
- Perda de subvención para actividades da biblioteca.
- Perda de subvencións concedidas por falta de xustificación.
- Tardanza na convocatoria e resolucións de subvencións municipais.
- Non convocar xunta informativa para subvencións.
- Saída por “decretazo” da rede de Cinemas de Galicia, xestionada por cineclub.
- Biblioteca mal atendida durante máis dun ano.
- Biblioteca sen melloras nas instalacións durante 2 anos.

¿Que máis necesita o Señor Alcalde para tomar decisións ao respecto sobre a xestión de Diego Fernández Nogueira como Concelleiro de Cultura?

Un concelleiro que só basea a súa programación en actividades organizadas por empresas privadas, favorecendo a estas, en prexuízo de asociacións culturais do noso pobo.

Cabe recordar que o departamento de cultura, e dos que conta tanto cun concelleiro con dedicación parcial que dispón dun traballador con contrato fixo e outro funcionario, máis persoal indefinido que dependendo de Educación, tamén está baixo as súas directrices.

Dende o Grupo Popular do Concello do Carballiño, esperamos que o alcalde reaccione e, ou ben lle retire as competencias de cultura e educación ao actual Concelleiro, dándolle outras para ver si ten mellor sorte e ganas, ou ben lle retire a dedicación parcial manténdolle esta concellería.

En caso de que non se produza movemento algún por parte de alcaldía procederemos á presentación de moción neste senso, no seguinte pleno que se convoque.

Enlace do DOG (Núm. 70, 10/14/2017) onde figuran os concellos que optaron a esta subvención:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170410/AnuncioG0164-310317-0003_gl.html